



## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### A CORUÑA

##### Educación

*Apertura de prazos para a convocatoria do proceso de admisión das prazas vacantes nas escolas infantís integradas na Rede de Escolas Infantís Municipais para o curso 2021-2022*

##### RESOLUCIÓN

Visto o acordo da Xunta de Goberno Local polo que se aproban as bases de admisión nas escolas infantís e se delega no concelleiro delegado da Área de Educación e Memoria Histórica a calendarización dos prazos do proceso e visto asemesmo, o informe emitido pola técnica de educación e conformado pola xefa do Servizo de Educación, en virtude das atribucións delegadas pola Xunta de Goberno Local en data 28/06/2019 (BOP nº 124 03/07/2019),

##### RESOLVO

**Primeiro.-** Proceder á apertura da convocatoria de prazas vacantes dentro do proceso de admisión nas escolas infantís integradas na Rede de Escolas Infantís Municipais. O prazo de solicitude será de oito días hábiles contados desde o día seguinte da publicación da convocatoria no boletín oficial da provincia.

As prazas vacantes de cada unha das escolas, obxecto desta convocatoria, serán publicadas na páxina web do concello: [www.coruna.gal/educacion](http://www.coruna.gal/educacion)

**Segundo.-** Nesta convocatoria poderán solicitar praza persoas empadroadas na cidade con posterioridade ao 1 de xaneiro sempre que non exista demanda do servizo por persoas que cumpran este requisito.

**Terceiro.-** É requisito para participar nesta convocatoria, non ter formalizada matrícula nunha escola da REIM.

**Cuarto.-** As persoas adxudicatarias dunha praza vacante causarán baixa na listaxe de agarda da escola na que figuren anteriormente. De ser o caso, si se atopa en lista de agarda en dúas escolas, a raíz da nova convocatoria, deberá renunciar por escrito a unha delas.

**Quinto.-** As solicitudes xunto co resto da documentación presentaranse no rexistro municipal (presencial ou telemático). No caso de presentar a solicitude por outro medio permitido na Lei de Procedemento administrativo, deberá informar ao Servizo Municipal de Educación ao correo electrónico: [escuelasinfantiles@coruna.es](mailto:escuelasinfantiles@coruna.es)

**Sexto.-** As persoas solicitantes que participaron no proceso anterior, presentarán a solicitude por rexistro pero non están obrigadas a presentar o resto da documentación exixida salvo que, de afectar á baremación, se precise unha actualización da mesma.

A Coruña, 17 de xuño de 2021

Jesús Javier Celemín Santos

O concelleiro delegado da Área de Educación, Memoria Histórica,

Innovación, Industria e Emprego

2021/5136